



XOSÉ NEIRA VILAS

{ CANCELA ABERTA }

Outra vez Prisciliano

DIGO "outra vez" porque acabo de ler Prisciliano na cultura galega, de Victorino Pérez Prieto, que vén ser a culminación do que lin e escoitei sobre este reformista do cristianismo. Chegoume por primeira vez ese nome en Buenos Aires da man de Castelao. Logo fun sabendo máis, incluso sobre a posibilidade de que en Compostela estivese enterrado el e non Xacobe. Blanco Amor dicíanos que así como a Xesús o seguían uns pescadores analfabetos, a Prisciliano seguían os que hoxe chamariamos intelectuais e as mulleres. Iso e moito máis aparece no libro.

Na Arxentina os galegos máis informados sentiamos gran simpatía por este pensador do século IV. Na Habana, o ourensán Antonio do Campo reunira sobre el varias obras en diferentes idiomas. E Carpentier enviábanos desde París os seus libros dedicados "a los priscilianistas herejes", aínda que sabía que o mártir de Tréveris non fora un herexe.

Con todo o andado neste terreo sempre me quedaron dúbidas e isto resolveuse co libro de Victorino. Cunha asombrosa erudición e nunha prosa fluída leva ata os menos informados o coñecemento de quen foi e como influíu no seu tempo este reformista coetáneo de Exeria, Hidacio, Paulo Orosio...

Nestas trescentas páxinas está todo: o alcance das ideas do profeta; a súa obra de teólogo e "herexe rehabilitado"; o mito; o movemento social que encabezou en contra do poder; o que significou nas orixes da cultura galega; os enfrontamentos entre priscilianistas e antipriscilianistas; a dicotomía Santiago/Prisciliano; a posición de figuras como o cura de Fruime, o P. Sarmiento, Murguía, Vicetto, López Ferreiro ou Marcelo Macías, os puntos de vista dos homes da xeración Nós; menciona poemas de Manuel María e Ferrín e unha peza teatral de Cortezón. En resumo, unha obra acabada, unha visión definitiva para todos e para sempre.

Escritor